

Que é o servizo de préstamo interbibliotecario?

É un servizo que localiza e obtén documentos ou libros con fins de investigación e estudo que non están dispoñibles nas bibliotecas da UDC e tamén ofrece a colección bibliográfica da UDC a bibliotecas externas nun marco de cooperación.

Se quere suxerir ás biblioteca a compra dun documento, podo facelo nesta [ligazón](#)

Quen pode usar este servizo?

Todos os membros da comunidade universitaria.

As persoas usuarias externas que queiran facer uso deste servizo teñen que pagar o custo das peticións que se lles fornezan.

Como se accede ao servizo por primeira vez?

Se nunca usou o servizo ten que darse de alta no [formulario](#), unha vez que se comproben os datos, mandarémolles unha mensaxe electrónica de confirmación. Se é membro da comunidade universitaria ten que usar o correo electrónico institucional. Acceda de novo á [páxina principal](#) e identifíquese como membro da UDC.

Se non é membro terá que introducir as claves de validación que se lle enviaron.

Como se realiza unha petición?

As solicitudes cóbrense desde o seu [menú de usuario/a](#) no botón de *Realizar unha petición de documento*. Canto máis datos complete, máis posibilidade de éxito hai na localización do documento. Se coñece o DOI ou o Pubmed IDE, o formulario énchese automaticamente ao pulsar o botón *Buscar*.

Se lle falta espazo nalgún campo ou quere aclarar algo, use o campo *Notas*.

No seu correo electrónico, recibirá información do estado de tramitación das súas peticións, a que biblioteca se pediu, cando chega ...así como calquera solicitude de aclaración que se necesite en relación coa súa petición.

Que documentos se poden solicitar?

Pódense solicitar libros impresos, capítulos ou partes de libros impresos ou electrónicos, artigos de revistas científicas, teses doutorais, microformas, copia de manuscritos, reproducións de fondo antigo...

Non se poden solicitar números enteiros de revistas impresas nin libros electrónicos completos e tampouco patentes, normas ou obras de referencia.

Onde se pode consultar o estado das peticións?

Desde o menú de usuario/a de [préstamo interbibliotecario](#), accedendo da mesma forma que para solicitar un documento, la opción *As miñas peticións* ou *Consultar o estado das súas peticións* permite ver o estado das solicitudes e a data de vencemento dos préstamos.

Cando e como se reciben os documentos?

O período de tempo desde que se solicita un documento ata que se recibe varía segundo a entidade subministradora e as dificultades de localización. Se é electrónico adoita ser entre 0-6 días e se é un orixinal pode tardar entre 10-15 días, xa que hai que facer uso do servizo postal.

Os documentos que chegan en formato electrónico deposítanse no servidor do programa de xestión de préstamo interbibliotecario. Enviárase un correo electrónico á persoa usuaria que realizou a solicitude cunha ligazón para descargarlos. Estes documentos pasarán a ser do solicitante, quen será o responsable do seu uso segundo a Lei de Propiedade Intelectual.

Os libros enviaranse á súa biblioteca de centro para o seu préstamo. Os libros cuxo subministrador non o permita e os que veñan de institucións estranxeiras, non poderán saír da Biblioteca Central (Campus A Coruña) ou da Biblioteca do Patín (Campus de Ferrol). As persoas usuarias externas deberán consultar sempre os libros nestas dúas bibliotecas.

Que condicións de préstamo teñen os libros?

Os libros de préstamo interbibliotecario levan unha banda amarela na que se indica a data de devolución que habitualmente é dun mes. No seu menú de usuario/a pode consultar os préstamos e as datas de devolución.

Pode solicitarse a prórroga dun libro antes de que acabe o vencemento do prazo de préstamo. Consultarase á biblioteca subministradora e notificarémoslle a súa resposta e, se fose positiva, a nova data de devolución.

Pódese reproducir un documento obtido por PI?

Como norma xeral o usuario/a é responsable de cumprir a lexislación vixente sobre dereitos de autoría e reprodución. A biblioteca subministradora pode enviar, ademais, condicións específicas de reprodución que se deberán respectar.

Pódese reclamar unha petición?

O servizo de préstamo interbibliotecario reclama periodicamente todas as peticións que non se recibiron nun tempo prudencial.

Ademais, desde a súa conta de usuario/a, na opción *As miñas peticións*, pode premer na ligazón *Reclamar* de cada petición que aínda non recibiu.

Pódese cancelar unha petición?

Se despois de realizar unha petición xa non necesita o documento, convén que informe ao servizo canto antes a través da súa conta de usuario/a, na opción *As miñas peticións*, premendo na ligazón *Cancelar* de cada petición que aínda non recibise.

Non se poderá cancelar se o centro subministrador xa a enviou.

Como se pode contactar co servizo de préstamo interbibliotecario?

Pode contactar desde o seu menú de [préstamo interbibliotecario](#) ou a través do correo electrónico sod@udc.es.